



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Escola Galega de Administración Pública o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro de 2024, podendo prorrogarse por períodos anuais por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, ou de cada unha das súas prórrogas, cun límite máximo de catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A participación nas actividades da EGAP do persoal docente dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que presta servizos como asesor/a na administración xeral da Comunidade Autónoma; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o departamento da administración autonómica que ten atribuídas as funcións de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. Para o exercicio das ditas funcións, existe persoal docente que, logo de participar en convocatoria pública para o efecto, presta servizos como asesor/a na administración xeral da Comunidade Autónoma, o que inclúe servizos de carácter administrativo.

A Resolución da Dirección da EGAP, do 4 de xaneiro de 2008, pola que se actualizan os





criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública, publicada no DOG núm. 7, do 10 de xaneiro de 2008, establece no seu criterio primeiro que, tendo en conta os convenios que se subscriban para este efecto, poderá participar nas actividades da EGAP, o persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello Consultivo; o persoal da Administración das tres universidades galegas e o doutras entidades, organismos e empresas públicas, así como outros colectivos de interese para a Administración, cando así se estableza nas respectivas convocatorias, que poden fixar cotas para cada Administración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

